

REGULAMENTO MUNICIPAL DE MERCADOS

TEXTO REFUNDIDO

I.- DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1º.-

O Regulamento de Mercados ten por obxecto regula-lo desenvolvemento do Servizo de Abastos Público no Concello de Vilagarcía de Arousa, así como establece-lo réxime administrativo dos mesmos.

Con carácter transitorio, seguirá autorizándose a venda de artigos non alimenticios nos postos pechados exteriores actuais da Praza de Abastos de Vilagarcía, e nunca no interior, e coas determinacións que poida legislar sobre tal punto a Xunta de Galicia ou a Administración Central.

ARTIGO 2º.-

A competencia en materia de abastos público e o establecemento de Mercados no Concello, corresponde o Excmo. Concello, de conformidade coas determinacións legais en vixencia.

ARTIGO 3º.-

O Concello poderá explotar-los mercados, por si, de xeito directo ou indirecto, ben por concesión, arrendamento ou concerto.

No caso de explotación indirecta, esta quedará sometida ás disposicións do presente Regulamento e ás estipulacións particulares do mesmo.

ARTIGO 4º.-

Nos casos excepcionais poderá o Concello conceder autorizacións para vender artigos propios do mercado fóra do recinto do mesmo, a condición de que sexan sometidos puntualmente ó recoñecemento hixiénico-sanitario e fiscalización, como se se tratara dunha dependencia da praza.

ARTIGO 5º.-

Corresponderá á Alcaldía ou en quen delegue, o dicta-las disposicións concretas que non están previstas neste Regulamento, sen prexuício das que teñen atribuídas nesta Regulamentación a Comisión Municipal de Goberno e Pleno.

ARTIGO 6º.-

O horario de apertura e peche dos mercados axustarase ás disposicións da Alcaldía ou Delegado, buscando sempre o mellor servizo ó público.

ARTIGO 7º.-

Tódolos ocupantes de postos ou espazos dos Mercados acatarán as disposicións de este Regulamento, así como os acordos da Corporación Municipal e ordes da Alcaldía no que se refire a materia de Abastos, pago dos dereitos e taxas na correspondente Ordenanza Fiscal. Igual obriga teñen os donos dos establecementos autorizados para a venda fóra do recinto da Praza de Abastos.

II.- OUTORGAMENTO DE CONCESIÓN

ARTIGO 8º.-

A concesión de postos ou espazos realizarase a través de poxa pública, e que se anunciará no taboleiro de edictos da Casa Consistorial e nos locais propios do Mercado ou Praza, ademais de polos medios habituais na poboación.

Quen concorra á poxa deberán manifestalo por comparecencia ou mediante instancia, depositando previamente a fianza se así o determina o Concello, non podendo tomar parte na licitación sen ese cumprimento.

A poxa será presidida polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue e ó acto asistirá o Secretario da Corporación ou persoa na que delegue. Celebrarase por poxas a chama, con aumento de 1.000 pesetas ou múltiplos desta cantidade.

Ó rematante deberá ingresar na Caixa Municipal o importe do remate dentro das corenta e oito horas seguintes á data na que se lle notifique a adxudicación definitiva. A carencia deste ingreso dará lugar a que a adxudicación quede de pleno dereito sen efectos, con perda da fianza correspondente. Ós que non resultasen adxudicatarios provisionais, devolveráselle de inmediato a fianza presentada.

A concesión será para a venda dun produto ou produtos determinados e será potestade do Concello a autorización para o cambio de destino.

Non poderán poxar persoas que non reúnan as condicións determinadas no Regulamento para ser concesionarios, a non ser que haxa poder notarial para facelo a nome doutra persoa.

Os postos que non se outorguen na poxa, poderanse arrendar ou concertar, só a aquelas persoas que reúnan condicións para ser concesionarios.

ARTIGO 9º.-

Corresponderalle ó Concello no Pleno a aprobación dos pregos de condicións que han de determina-las bases da poxa, atendendo ás circunstancias imperantes en cada caso.

ARTIGO 10º.-

A competencia para a adxudicación definitiva do posto, como resultado da respectiva poxa, así como do cambio de destino, vén atribuída á Comisión Municipal de Goberno.

ARTIGO 11º.-

O dereito do uso e aproveitamento dos postos ou espazos concedidos, serán a título persoal e por tempo determinado.

ARTIGO 12º.-

A concesión que se outorgue como resultado da poxa será por un prazo máximo de 30 anos.

ARTIGO 13º.-

De concorrer á poxa, o anterior concesionario dun posto que esgotara o período legal terá o seu favor para o posto que ocupaba o dereito de tanteo.

ARTIGO 14º.-

Os concesionarios poderán ser titulares ó sumo de dous postos ou tres consecutivos dedicados á mesma actividade, co fin de mellorá-lo servizo (condicións hixiénicas, estéticas, etc.). Neste contexto enténdese a unidade familiar: cónxuxe e fillos menores de idade, non emancipados.

ARTIGO 15º.-

As taxas por ocupación dos postos ou espazos serán sinaladas pola correspondente Ordenanza Fiscal reguladora das mesmas.

ARTIGO 16º.-

1º) Os concesionarios poderán traspasa-los postos que teñan concedidos, previa licenzia municipal, en todo caso.

2º) Cando se realice o traspaso, o Concello terá dereito a percibi-la cantidade media da derradeira poxa realizada en relación a postos iguais ou de similares características, incrementada na porcentaxe media do custo da vida no período de tempo transcorrido dende a mesma. Esta cantidade deberá ser ingresada previamente na Depositaría Municipal.

3º) Poderanse permutar postos, a efectos de reunir dous ou tres no mesmo concesionario, dedicado as mesmas actividades, sempre previa licenzia municipal.

ARTIGO 17º.-

Non poderán ser concesionarios, aqueles interesados que cesaran no disfrute dalgunha licenzia en virtude da sanción imposta.

ARTIGO 18º.-

Poderán revogarse as licencias e outorga-la baixa en concesión cos seguintes motivos:

- 1) A petición voluntaria do interesado.
- 2) De oficio, cando conorra, algunha das causas previstas no artigo 33 deste Regulamento.
- 3) Incumprimento do abono do canon mensual, durante un trimestre.
- 4) Falecemento do titular, sen esposa, fillos ou ascendentes.

En todo caso, a baixa acordarase pola Comisión Municipal de Goberno.

ARTIGO 19º.-

No caso de falecemento, enfermidade ou xubilación do titular, o/a seu/súa esposa/a, fillos ou ascendentes poderán continuar coa explotación do posto ou espacio, polo tempo que quede da concesión, debendo comunicarlle á Administración Municipal, dentro dos 30 días seguintes o falecemento, enfermidade ou xubilación, quen é o novo titular.

III.- RÉXIME E POLICÍA

ARTIGO 20º.-

Do Réxime e Policía do Mercado de Abastos coidará o Alcalde ou Delegado do mesmo para este servizo.

Se en calquera momento o Concello decidira o traslado do mercado ou praza a un novo emprazamento, quedarán de inmediato revocadas tódalas concesións, sen dereito a ningunha demnización algunha; non obstante terían dereito ó que determine o artigo 13 deste Regulamento.

A Excma. Corporación resérvase o dereito de modifica-la distribución dos postos dos mercados cando o crea oportuno, sen perxuício dos dereitos do concesionario.

ARTIGO 21º.-

Se a natureza do negocio o require, instalarán auga potable e electricidade, facendo a acometida particular pola súa conta e baixo a dirección dos servizos técnicos municipais.

Consideraranse obrigacións específicas dos concesionarios a perfecta conservación e limpeza dos locais, debendo realizar pola súa exclusiva conta tódalas obras que require a instalación e explotación dos mesmos, presentando os proxectos para a súa aprobación polo Concello. Estas obras reverterán o Concello sen ningunha indemnización.

ARTIGO 22º.-

A inspección sanitaria dos mercados estará a cargo dos servicios Veterinarios Locais, que exercerá a vixilancia durante as horas que permanezan abertos ó público, así mesmo darán parte por escrito á Alcaldía das faltas, deficiencias e negligencias que se observen, suxerindo o medio adecuado para a súa inmediata corrección, todo iso de conformidade coa lexislación vixente.

A inspección poderá efectuarse sen previo aviso, e o concesionario estará obrigado a non opoñerse tan pronto como se identifique o veterinario, ou persoa encargada de efectualo.

ARTIGO 23º.-

Corresponderá ós membros da Policía Municipal e con independencia das funcións que lles son propias:

- A) Prestar auxilio ó persoal do mercado, se son requiridos para iso.
- B) Coidar do mantemento da orde do Mercado.

ARTIGO 24º.-

O Concello, dentro da intervención que lle atribúe o artigo 18 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, resérvase a facultade de establecer Postos Reguladores para un ou máis artigos, en todos ou nalgúns dos Mercados Municipais, como medio de procura-la economía nos prezos e calidades en beneficio dos consumidores.

ARTIGO 25º.-

O persoal afecto ós Mercados, será nomeado de conformidade coa lexislación vixente, dependendo do Xefe do Servicio.

ARTIGO 26º.-

O réxime polo que se establece o horario e circunstancias polas que se han de rexe-los abastecedores de mercadorías, fixarase pola Alcaldía e supervisado polo Xefe do Servicio.

IV.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DOS CONCESIONARIOS

ARTIGO 27º.-

Obrigacións xerais dos concesionarios:

- 1.- Mante-lo posto aberto, realizando as transaccións autorizadas. O feito de permanecer o posto pechado durante un mes, sen causa xustificada, dará pé a extinción dos dereitos da licencia e sen dereito a indemnización, e se procederase polo Concello a unha nova adxudicación, mediante poxa.
- 2.- Os vendedores deberán estar habilitados mediante a posesión do carné de manipulador de alimentos e da Tarxeta Municipal para a venda en Mercados, que se facilitará polo Concello.
- 3.- Tódolos postos deberán ter á vista do público o seu número e unha tarifa co prezo das diversas clases de artigos que nos mesmos se expendan, non podendo o concesionario ocultar ou negarse a vende-los mesmos, nin ter productos alleos ós que está destinado o posto.
- 4.- O posto deberá ser atendido polo titular da concesión, a súa dona e fillos. No caso de utilizar outro persoal este deberá ser asalariado e o concesionario comunicará a Administración Municipal os datos de afiliación, nº da Seguridade Social, e os documentos que acrediten a dependencia; e, en todo caso, deberá presenta-lo nº de patronal da Empresa.
- 5.- O responsable sanitario da praza está facultado polo Concello para realiza-las supervisións, sempre que o considere oportuno, sobre calquera produto alimenticio, estando o expendedor obrigado a facilitarlle mostras do mesmo se lle foran requiridas.
- 6.- O expendedor deberá usar unha báscula automática de lectura visible, en perfecto estado de funcionamento, que será revisada periodicamente polos servizos municipais, independentemente doutros organismos.
- 7.- Deberá tratar a todos coa debida corrección e moderación, sen dispensar preferencia para a orde do despacho, calidade e prezo dos xéneros, non sendo nos casos exceptuados polas leis, e a gardar entre si a maior compostura, absténdose de promover alborotos, discusións violentas e proferir palabras que poidan dana-la imaxe ou honorabilidade das persoas.
- 8.- Os expendedores manterán, durante o despacho, na súa roupa e mans, toda a limpeza que permita o servizo, debendo usar blusón, luvas e cofia, no seu caso.

ARTIGO 28º.-

Obrigacións específicas segundo os postos ou casillas:

- A) Prohíbese nos postos ou casillas desplumar aves e ter á vista do público os desperdicios dos productos, así como realizar transaccións fóra deles.
- B) Os productos serán idóneos e deberán cumpri-lo disposto na lexislación vixente e, en concreto, o Código Alimentario e disposicións concordantes.

C) A entrega-la calidade convida e o prezo xusto.

D) Queda prohibida a venda de caza e mariscos durante a época de veda.

ARTIGO 29º.-

O impago do canon da concesión, así como o de uso nun trimestre, dará lugar a caducidade da concesión.

ARTIGO 30º.-

Dereitos dos concesionarios:

1.- A realización das transaccións que autoriza o contrato de concesión.

2.- O abastecemento de mercadorías, nas condicións sinaladas no artigo 26.

3.- Solicitar dispensas no despacho por enfermidade ou motivos persoais. As peticións serán resoltas pola Alcaldía ou Delegado, cando as dispensas non pasen de dous meses, e pola Comisión Municipal de Goberno, en caso de que excedan de deste tempo.

4.- A realización de obras no posto, cando a natureza do mesmo así o permita, previa autorización municipal.

V.- SANCIONES

ARTIGO 31º.-

Terán consideración de faltas leves:

1.- Non manter en debidas condicións de conservación e limpeza os postos, panos, envolturas e demais utensilios, así como o número de identificación do posto.

2.- Sobrepasar coas mercadorías ou materiais as dimensións do posto ou casilla.

3.- Non usar blusón e luvas, e cofia no seu caso.

4.- Non deixar en perfectas condicións de limpeza a demarcación do posto en mercado semanal.

5.- Manter no posto ou casilla, mercadorías ou obxectos alleos á actividade autorizada do mesmo.

6.- O incumprimento sen causa xustificada do horario establecido de conformidade cos artigos 6 e 26.

Sancionaranse as faltas leves con:

- Apercibimento.
- Sanción económica, de conformidade coas leis vixentes na materia.

ARTIGO 32º.-

Consideraranse faltas graves:

- A) A reincidencia nas faltas leves en período semestral.
- B) A ameaza ou violencia de palabra en trato cos usuarios u outros concesionarios e funcionarios.
- C) Ter pechado o posto durante máis de 15 días sen causa xustificada, debendo notificar o motivo ó Xefe de Servicio da Praza.
- D) Non telas tarifas de prezos expostas ó público ou en deficientes condicións.
- E) Non atender persoalmente o posto, salvo que se haxa contratarase persoal para o mesmo, debidamente autorizado.
- F) Non usar báscula ou usala sen axustarse o apartado 6 do artigo 28.

Sancionaranse as faltas graves con:

- Sanción económica.
- Peche do posto entre 1 e 15 días.

ARTIGO 33º.-

Consideraranse faltas moi graves:

- A) Reincidencia en faltas graves.
- B) Realización de transaccións non autorizadas.
- C) Mante-lo posto sen realizar transaccións por máis de un mes, salvo autorización expresa da Comisión Municipal de Goberno.
- D) A violencia física no seu trato cos usuarios e funcionarios.
- E) Dificultar ou entorpece-la inspección sanitaria.

Sancionaranse as faltas moi graves con:

- Sanción económica.
- Peche do posto ata dous meses.
- Peche definitivo do posto e revogación da concesión.

ARTIGO 34º.-

O procedemento sancionador para as faltas leves e graves será o seguinte:

- 1.- Recibido o parte do Xefe de Servicios ou a denuncia de parte, dando conta da infracción, notificaráselle a mesma ó infractor, que no prazo de oito días aportará cantas alegacións estime en defensa do seu dereito.
- 2.- Á vista das alegacións, dictarase resolución da Alcaldía ou do Delegado, impondo a sanción correspondente, axustándose en canto ós prazos á normativa vixente.
- 3.- As sancións por faltas moi graves serán impostas por acordo da Comisión Municipal de Goberno.

O procedemento sancionador para as faltas moi graves axustarase ó disposto nos artigos 133 a 137 da Lei de Procedemento Administrativo.

DISPOSICIÓNES ESPECÍFICAS PARA OS MERCADOS SEMANAIS

ARTIGO 35º.-

Sen perxuízo de cumprir íntegramente este Regulamento, os concesionarios de postos nos mercados semanais, deberán satisfacer-lo canon do uso nas Oficinas do Concello e por trimestres anticipados.

ARTIGO 36º.-

Deberán ter no seu poder a "TARXETA" municipal para a venda en mercados, que se lle facilitará polo Concello unha vez que se pague a taxa de ocupación. Poderá ser renovada cada ano natural e deberá estar visible no acto da venda.

ARTIGO 37º.-

Para a obtención do mencionado documento deberán presentar:

- A) Escrito solicitando espacio, onde se indicará a actividade a desenvolver, no caso de poxa especificarase o destino.
- B) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- C) Fotografía tamaño carné.
- D) Acreditación de estar dados na alta fiscal para a actividade que desenvolve.
- E) Comprobante de haber efectuado-lo pago da taxa de ocupación e o que determine no seu día a Ordenanza Fiscal en concepto de Tarxeta Municipal.

ARTIGO 38º.-

Os concesionarios ou ocupantes de postos nos mercados semanais veñen obrigados a depositar nun contedor, instalado ó efecto polo Concello, tódolos lixos ou desperdicios que se produzan. O non cumprimento de esta obriga levará consigo a perda da " Tarxeta Municipal de Venda en Mercados de Vilagarcía de Arousa".

DISPOSICIÓN FINAIS

A) Para o non previsto neste Regulamento estarase ó disposto nas Ordenanzas Municipais para o réxime e goberno deste Municipio e disposicións vixentes na materia, así como os Bandos da Alcaldía-Presidencia.

B) O presente Regulamento entrará en vixencia o día seguinte daquel no que se anuncie no Boletín Oficial da Provincia a súa aprobación definitiva polo órgano competente na materia.

C) A partires da entrada en vixencia deste Regulamento, quedan derogadas cantas disposicións, Bandos, Regulamentos e acordos municipais se opoñan ó mesmo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Os actuais concesionarios virán obrigados ó cumprimento das disposicións deste Regulamento. En canto á duración da concesión estarase ó que dispoña o acordo e contrato suscrito e, de non especificar duración, estarase ó que dispoña o artigo 115 apartado 4º do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, e dicir, terá a duración de 50 anos, contados a partires da data do acordo.

No prazo de seis meses o Concello disporá e dará a coñece-la lista dos concesionarios e datas nas que caduquen a súa concesión.

Vilagarcía de Arousa, a 1 de outubro de 1992.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.- Xoaquín X. Gago López

Asdo.- Xosé Bazaco Barca

D. XOSÉ BAZACO BARCA, LICENCIADO EN DEREITO E SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA,

CERTIFICO: Que o precedente Regulamento Municipal de Mercados foi aprobado polo Pleno deste Concello o 7 de xuño de 1984, rectificado o 6 de marzo de 1989 e o 10 de setembro de 1992.

E para que conste, asino a presente en Vilagarcía de Arousa, a un de outubro de mil novecentos noventa e dous.